



CONCELLO DE VIGO
CONTABILIDADE E ORZAMENTOS

Expediente: 62/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación
A: Dirección de Ingresos (Dona María Jesús Magdalena)
Asunto: Orzamento 2020
Expediente 62/142

Con data 23 de xullo de 2019, o Sr. Alcalde Presidente, resolveo sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2020. Coa mesma data, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberase achegar o anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local tendo en conta o proxecto de modificación de Ordenanzas en trámite.

O devandito anexo que ven sendo confeccionado os últimos anos, deberá ser asinado e incorporado ao expediente, a tal efecto, dase un trámite AUT para autorizar á Sra. Xefa de Área para a súa incorporación ao expediente electrónico.

A confección do documento podería seguir a estrutura que regula o formulario do MINHFP F.1.1.17.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 168.1.g), se solicita a emisión do informe de ingresos e bases utilizadas para xustificar as previsións contidas no devandito estado.

En Vigo a data da sinatura electrónica
O Responsable superior contable e orzamentario.
Luís García Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2019 11:37	Páxina 1 de 1
Expediente 62/142	CSV: 28E2CD-D958EF-5CEC31-FPTKMB-L8S4V2-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		